

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 5 DE XUÑO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 11:10 horas do día 5 de xuño de 2019, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 3 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. José Ángel Otero Lamas, vogal suplente de D. Jerónimo Centrón Castaños

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa de Don Bosco (160-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral:

“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, para a presentación de proposicións, publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 06-05-2019, para a contratación por procedemento aberto da “Execución as obras do “Proxecto de humanización da rúa de Don Bosco”. EXPTE. 160-441” que rematou o día 03 de xuño do presente ano, e consultada a aplicación informática de xestión de expedientes, presentáronse as seguintes empresas:

1. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
2. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.
3. CIVIS GLOBAL, S.L.
4. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
5. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
6. EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A.
7. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
8. COPCISA, S.A.
9. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
10. DRAGADOS, S.A.



Así mesmo, consta presentado con data 04-06-2019, mediante Sede electrónica do Concello de Vigo, sobre electrónico da seguinte empresa:

11. ORECO, S.A. (doc. 190083267)”

Comunícase que o Servizo de Contratación recibiu a pegada dixital de ORECO, S.A. o último día do prazo de presentación de ofertas, e infórmase que aínda que no certificado do Rexistro constan presentadas ofertas de OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. e ORECO, S.A., ambas empresas concorren en UTE como se puido comprobar logo da descriptación previa pola Secretaría e a Presidencia prevista na cláusula 20 do PCAP (OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. con ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERÍA (ASAI) e ORECO, S.A.U. con ELECTRICIDAD EYP).

Pregúntase aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “Documentación persoal” e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
 2. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.
 3. CIVIS GLOBAL, S.L.
 4. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
 5. UTE OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. e ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERÍA (ASAI) (porcentaxe de participación na UTE ao 80%-20%, respectivamente)
 6. EXTRACO CONSTRUCCIONES E PROXECTOS, S.A.
 7. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
 8. COPCISA, S.A.
 9. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
 10. DRAGADOS, S.A.
 11. UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP (porcentaxe de participación na UTE ao 80%-20%, respectivamente)

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Abade Juan de Bastos - Matamá" (234-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “Documentación persoal”, tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:51	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA24H-5C2F24-258624-Q3J84G-BLKFDW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
 2. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
 3. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L.
 4. MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA
 5. COPCISA, S.A.
 6. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.
 7. NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
 8. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DE MIÑO, S.L.
 9. CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.
 10. ORECO, S.A.
 11. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
 12. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
 13. SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.
- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
1. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.: deberá presentar o Anexo VII ao PCAP *grupo de empresas*, esixido na cláusula 14.2A)
 2. NAROM, S.L.: deberá aclarar se a oferta que presenta é para este procedemento -"Construción de beirarrúas na rúa Abade Juan de Bastos - Matamá" expediente 234-441-, xa que no Documento europeo único de contratación se indica na Parte I *Información sobre el procedimiento de contratación*: CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA CANTABRIA 233-441. De ser un erro deberá emendalo.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa de Don Bosco (160-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

1. Conceder un prazo de tres días á UTE ORECO, S.A.U. - ELECTRICIDAD EYP para que poida emendar a documentación presentada no Sobre B xa que só consta asinada polo representante de ORECO, S.A.U., debendo terse asinado por persoas con poder de representación de cada unha das empresas que conformarán a UTE. En consecuencia, deberá achegar un escrito, asinado polo representante de ELECTRICIDAD EYP no que subscriba a proposición presentada o 4 de xuño de 2019 co número 190083267. Así mesmo, se ten constancia de que este erro tamén se produciu na proposición avaliable a través de fórmula, poderá subscribir no mesmo escrito esta proposición, sen que en ningún caso adiante o contido da súa oferta, aínda sen abrir.
2. Solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor,.



b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na rúa Abade Juan de Bastos - Matamá" (234-441)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a dous dos licitadores para que poidan emendar a documentación persoal.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 12:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:51	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ACA24H-5C2F24-258624-Q3J84G-BLKFDW-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		